

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 23 de novembro de 2010 pola que se fan públicas as adxudicacións definitivas dos expedientes de contratación que se citan.

Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Universidade da Coruña.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica-Sección de Contratación.

c) Enderezo da internet do perfil do contratante: <http://www.udc.es/contratacionadministrativa>

-Número de expediente: 2010/3002.

Obxecto do contrato:

a) Tipo: servizo.

b) Descrición: redacción do proxecto básico da área deportiva do Campus Center e do proxecto de execución das accións previas, estrutura e alicerces, das instalacións de soterramento da liña eléctrica, saneamento e recolla de pluviais e iluminación da área deportiva do Campus Center e das pistas deportivas do complexo (pista polideportiva e pistas de pádel).

c) CPV (referencia de nomenclatura): 71245000-7.

Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: negociado sen publicidade.

Orzamento base de licitación: importe neto: 172.881,36 euros. IVE (%): 31.118,64 euros. Importe total: 204.000 euros.

Adxudicación:

a) Data: 21-10-2010.

b) Contratista: Juan López Villanueva.

c) Importe de adxudicación: importe neto: 172.881,36 euros. IVE (%): 31.118,64 euros. Importe total: 204.000 euros.

-Número de expediente: 2010/3004.

Obxecto do contrato:

a) Tipo: obra.

b) Descrición: reforma da Facultade de Dereito para a súa adaptación ao EEES fase II.

c) CPV (referencia de nomenclatura): 45210000-2.

Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: negociado sen publicidade.

Orzamento base de licitación: importe neto: 199.978,37 euros. IVE (%): 35.996,11 euros. Importe total: 235.974,48 euros.

Adxudicación:

a) Data: 22-11-2010.

b) Contratista: Neor, S.A.

c) Importe de adxudicación: importe neto: 178.080,74 euros. IVE (%): 32.054,53 euros. Importe total: 210.135,27 euros.

A Coruña, 23 de novembro de 2010.

María Jesús Grela Barreiro
Xerenta da Universidade da Coruña

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE ALLARIZ

Edicto.

Bases específicas para a selección de persoal laboral fixo correspondente á oferta de emprego público do Concello de Allariz do ano 2010.

No BOP de Ourense número 265, do 18 de novembro de 2010, aparecen integramente publicadas a convocatoria e as bases específicas da convocatoria para a provisión, por concurso de méritos, como persoal laboral fixo, das seguintes prazas:

Nº de prazas	Denominación
1	Oficial Grumir
2	Especialista Grumir
1	Oficial brigada de obras
2	Peón de limpeza viaria
3	Coidador/a de transporte escolar
2	Coordinador/a de instalacións deportivas
1	Recepcionista de instalacións deportivas
1	Axudante de recepción de instalacións deportivas
2	Socorrista-monitor/a de instalacións deportivas
2	Limpador/a de instalacións deportivas
1	Auxiliar de servizos

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación deste extracto de convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Allariz, 25 de novembro de 2010.

Francisco García Suárez
Alcalde